

O nacemento da escritura. As primeiras civilizacións



SITUACIÓN DE APRENDIZAXE

▲ **Raíña exipcia con Thot, deus da escritura.**

Hai máis de 5.000 anos produciuse un dos avances máis importantes da humanidade, a invención da escritura. E así comezou a historia, da man da palabra escrita.

A escritura permitiu recompilar información. Isto contribuíu ao desenvolvemento das cidades, ao crecemento do comercio, ao control dos impostos, á transmisión da cultura... Tan relevante foi a aparición da escritura que saber ler e escribir se converteu na Antigüidade nun instrumento de poder só ao alcance duns poucos, os grupos privilexiados da sociedade.

CONCEPTOS CLAVE: escritura, coñecemento, civilización, desenvolvemento.

PUNTO DE PARTIDA

- Quen eran os escribas no antigo Exipto? Fíxate en que ferramentas usaban.
- Para que servía ler e escribir nesa época? Ten a mesma utilidade nos nosos días?
- Cres que aprender a ler e escribir sería fácil no mundo exipcio? Por que?
- Poderíase dicir que no pasado saber ler e escribir era un signo de diferenciación social? Por que?

O VALOR DA ESCRITURA



RETO

QUE VOU APRENDER?

- Vou descubrir como a invención da escritura cambiou a organización das sociedades e as súas formas de vida.
- Vou coñecer como xurdiron as primeiras civilizacións e vou analizar como era a vida en Mesopotamia e en Exipto.
- Vou pasar á acción para poñer en valor a educación na Antigüidade e nos nosos días.

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE



A educación é clave para saír da pobreza

A educación é fundamental para ter oportunidades de mellora. **Elaborar un relatorio sobre os saberes esenciais de onte e hoxe** contribúe a poñer en valor a educación como ferramenta para loitar contra a discriminación.

1. As civilizacións fluviais

O paso das cidades aos imperios

Na Idade dos Metais apareceron as primeiras cidades gobernadas por monarquías. Co tempo, ampliaron os seus territorios mediante pactos ou guerras e algunhas lograron formar extensos imperios. As primeiras civilizacións desenvolvéronse hai uns 5.000 anos en **Mesopotamia**, **Egipto**, **India** e **China**, xunto a grandes ríos. Por iso reciben o nome de **civilizacións fluviais**. (1)

Mentres as cidades eran pequenas resultaba fácil lembrar os datos importantes. Pero cando medraron foi necesario rexistrar gran cantidade de información, como os impostos. Para iso inventouse a **escritura** en Mesopotamia hai máis de 5.000 anos. (2 a 6) Este feito foi tan transcendente que a partir del situamos o comezo da historia.

APRENDO A MIRAR

- Enumera as civilizacións fluviais. En que continentes se localizan?
- Sinala xunto a que ríos se desenvolveu cada unha.
- Fíxate arredor de que paralelo se sitúan. É unha zona fría, cálida ou temperada?

1. CIVILIZACIÓNS FLUVIAIS



EXPLORA

As primeiras formas de escritura

Os **sumerios** desenvolveron cara ao 3200 a. C. unha das primeiras formas de escritura coñecida. Ao principio, gravaban cunha cana **pictogramas** ou sinxelas imaxes sobre taboíñas de barro.

Os pictogramas fixéronse cada vez máis abstractos, ata converterse en signos con forma de cuña. Por iso esta escritura recibe o nome de **cuneiforme**. (2)

2. Escritura cuneiforme.

Sobre as mesmas datas, no antigo Egipto comezaron a realizar **xeroglíficos** sobre follas de papiro ou sobre os muros. Inicialmente, cada xeroglífico representaba un obxecto ou concepto. Co tempo, representaron sons. (3)

3. Escritura xeroglífica.



Como eran as civilizacións fluviais


As civilizacións son áreas culturais extensas que comparten uns sinais de identidade (lingua, costumes, relixión...). Non son ámbitos culturais homoxéneos, senón que se adoitan fragmentar en culturas.

As civilizacións fluviais caracterizáronse principalmente por tres trazos:

- **Un poder político forte.** Os reis e as raíñas tiñan gran poder: ditaban as leis, eran os xefes supremos do exército (4) e adoitaban exercer funcións relixiosas. Ademais, crearon un amplo funcionariado e un exército para protexer o territorio.
- **Unha sociedade moi xerarquizada.** Había unha minoría privilexiada que era propietaria de todas as terras, acumulaba as riquezas e exercía os cargos públicos. A maioría da poboación, en cambio, estaba sometida.
- **A construción de grandes obras arquitectónicas.** Os gobernantes levantaron imponentes edificios, fundamentalmente palacios, templos e tumbas, para demostrar o seu poder.

IDEAS CLAVE

- Indica cando e onde se inventou a escritura. Explica por que apareceu nese momento da historia da humanidade e non antes.
- Analiza como sería a túa vida se non coñecésemos a escritura. Pon exemplos.
- Describe os trazos que compartiron as primeiras civilizacións fluviais.
- Pensa. De que forma podían as construcións monumentais demostrar o poder do gobernante que as mandou edificar? Xustifica a resposta.



- 4. Fragmento da estela dos Voitres. Realizada cara ao 2450 a. C., conmemora a vitoria do rei da cidade mesopotámica de Lagash sobre outra cidade de Mesopotamia, Umma. Os soldados portan cascos, escudos e lanzas. (A) O rei de Lagash, Eannatum, dirixe o exército, empuñando un machete curvo. A súa figura é de maior tamaño ca o resto para demostrar a súa superioridade. (B)


Cara ao 1300 a. C. en China empregaban ideogramas para escribir. Formaban palabras a partir da combinación duns 10.000 signos.

Os textos máis antigos graváronse sobre ósos de animais e coirazas de tartarugas. (5)

5. Escritura chinesa.

Arredor do 1200 a. C., os fenicios crearon un alfabeto de 22 consoantes. (6) A súa evolución deu lugar ao que utilizamos hoxe.

6. Escritura fenicia.



A túa investigación

- A escritura xeroglífica chegou a ter máis de 5.000 signos. Sería doado aprendela? Investiga quen eran os escribas e que formación recibían.
- A que nos referimos na actualidade cando cualificamos algo de xeroglífico? Explica.
- Compara. As emoticonas das mensaxes electrónicas representan sons ou conceptos? Parécese a algunha das primeiras formas de escritura da historia? Escribe unha mensaxe utilizando só emoticonas.

2. A historia de Mesopotamia

Mesopotamia, a terra entre ríos

Cara ao cuarto milenio a. C., xurdiu en Mesopotamia a primeira civilización da cal coñecemos a historia grazas á escritura. Mesopotamia significa «terra entre ríos» e recibe este nome porque o seu territorio se estendía entre os ríos Tigris e Éufrates, no Próximo Oriente.


A rexión mesopotámica era unha zona árida, pero a construción de canles permitiu o desenvolvemento dunha agricultura moi produtiva. Por outra parte, a súa situación xeográfica entre Asia Menor, o mar Mediterráneo e Siria converteuna nunha rexión clave para o comercio.

Mesopotamia dividíase en dúas rexións: **Asiria**, no norte, habitada polos asirios, e **Caldea**, no sur, habitada polos sumerios e os acadios. (7)

IDEAS CLAVE

- Describe o medio natural de Mesopotamia e valora como influíu na civilización mesopotámica.
- Explica que eran Asiria e Caldea.
- Enumera as etapas da historia de Mesopotamia.
- Pensa. Dise que as cidades mesopotámicas eran xigantes con pés de barro. A que cres que se refire esta frase?

7. EVOLUCIÓN DO TERRITORIO DE MESOPOTAMIA



APRENDO A MIRAR

- Observa o mapa. Onde se sitúa o núcleo orixinario de Mesopotamia? Nomea algunhas cidades.
- Fíxate na liña do tempo. Cal foi a primeira etapa da historia de Mesopotamia? Cando comezou? Canto durou? Que pobo exerceu o control?
- Compara o mapa coa liña do tempo. En que etapa da súa historia alcanzou Mesopotamia a súa maior expansión? En que séculos se produciu?
- Consulta o mapamundi político dun atlas. Que países actuais ocupan o territorio de Mesopotamia?

As etapas na historia de Mesopotamia

A historia da civilización mesopotámica estivo protagonizada por varios pobos que alternaron no poder.

1 PERÍODO SUMERIO.

Os sumerios construíron as primeiras cidades-Estado, que eran independentes entre si, como Uruk, (8) Ur e Lagash. Algunhas expandíronse e dominaron a outras.

3 IMPERIO BABILÓNICO.

Cara ao 1800 a. C., a hexemonía pasou á cidade de Babilonia, gobernada polo rei Hammurabi, que fundou o Imperio babilónico e promulgou un dos primeiros códigos legais da historia.

5 IMPERIO NEOBABILÓNICO.

No século VII a. C. impuxéronse os caldeos. O rei máis destacado foi Nabucodonosor II. Despois, os persas invadiron Asiria e Caldea.

PERÍODO SUMERIO

IMPERIO ACADIO

IMPERIO BABILÓNICO

IMPERIO ASIRIO

IMPERIO NEOBABILÓNICO

3000 a. C.

2300 a. C.

1800 a. C.

1356 a. C.

612 a. C.

539 a.

2 IMPERIO ACADIO. Cara ao ano 2300 a. C., os acadios, ao mando do rei Sargón, (49) invadiron as cidades-Estado sumerias e fundaron o Imperio acadio.

4 IMPERIO ASIRIO. Os asirios conquistaron toda Mesopotamia e estenderon o seu imperio deica o mar Mediterráneo. Destacan as conquistas do rei Asurnasirpal II. (9)

Uruk, a primeira cidade da historia

A cidade sumeria de Uruk (no actual Iraq) tiña uns 4 km² e situábase xunto ao río Éufrates. (8) Rodeada dunha muralla, organizábase en dúas zonas, cada unha cun templo dedicado a unha divindade.

Entre os seus gobernantes destacou Gilgamesh, que reinara cara ao 2650 a. C. O seu nome figura na Lista Real Sumeria, que é un documento posterior, de finais do segundo milenio a. C., que narra a historia mítica do pobo sumerio. Con todo, ata hoxe non se atoparon probas arqueolóxicas da súa existencia.

Os primeiros documentos escritos coñecidos atopáronse en Uruk. Por iso se considera a primeira cidade da historia.



8. Vista aérea dos restos arqueolóxicos de Uruk (Iraq).

A túa investigación

- Investiga cando e como se descubriron as ruínas de Uruk.
- Investiga cando se escribiu e que narra o Poema de Gilgamesh. É unha fonte histórica?

3. Como era a vida en Mesopotamia

Unha minoría privilexiada

Un grupo reducido posuía todos os dereitos e a maioría das riquezas:

- O rei era tamén o sumo sacerdote. Residía no palacio. (9 e 13)
- A aristocracia estaba formada pola familia real e a nobreza. Posuía extensas terras e ocupaba os cargos máis importantes.
- Os sacerdotes vivían nos templos e encargábanse dos ritos relixiosos. (11) Os templos contaban con terras e obradoiros artesanais.
- Os escribas eran funcionarios que sabían ler, escribir e contar. Controlaban a calidade dos produtos e rexistraban os impostos.

O resto da poboación

O resto das persoas podían ser libres ou escravas. A maioría traballaba para o palacio real ou para os templos.

- Os **campesiños e as campesiñas** labraban as terras, que pertencían ao rei ou aos templos. A cambio, entregaban unha parte da colleita.
- As **persoas artesás** traballaban en obradoiros, onde elaboraban tecidos, perfumes, obxectos de madeira ou de ourivaría...
- Os **comerciantes**. Os portos fluviais eran activos centros comerciais polos que pasaban prata, cobre, estaño, lapislázuli, madeira...

As **mulleres** estaban sometidas á autoridade dun home e a súa misión era ter descendencia. Podían traballar co permiso do pai ou do esposo e, se o facían, cobraban a metade do salario dun home.


As crenzas

A poboación era **politeísta**. Por exemplo, Anu era o deus do ceo; Ishtar, a deusa da guerra e do amor; Enlil, o deus do vento... As divindades, aínda que eran inmortais, representábanse como persoas. (51) Manifestábanse a través dos fenómenos da natureza, dos sonhos ou da adiviñación.

Cada cidade-Estado tiña unha divindade protectora. Os **templos** eran a súa morada e o lugar onde se organizaban as cerimoniais na súa honra.

IGUALDADE

- A sociedade mesopotámica era igualitaria? Pon exemplos.



9. O rei Asurnasirpal II (A) xunto a un servente. (B)

PATRIMONIO

- Obxectos e imaxes do cigurat e construído en grupo: Como patrimonio que se reconstrúe un legado do pasado?

IDEAS CLAVE

- Organiza a sociedade mesopotámica nun esquema.
- Describe a relixión mesopotámica.

10. Cigurat de Ur antes (A) e despois da restauración. (B)

